

SOBRE LOS FUNDAMENTOS DEL ESCEPTICISMO

Con razón decimos que el fundamento del escepticismo<sup>12</sup> es la esperanza de conservar la serenidad de espíritu. En efecto, los hombres mejor nacidos, angustiados por la confusión existente en las cosas y dudando de con cuál hay que estar más de acuerdo, dieron en investigar qué es la Verdad en las cosas y qué la Falsedad; ¡como si por la solución de esas cuestiones se mantuviera la serenidad de espíritu! Por el contrario el fundamento de la construcción escéptica es ante todo que a cada proposición se le opone otra proposición de igual validez. A partir de eso, en efecto, esperamos llegar a no dogmatizar.

Pues bien, desde ahora decimos que el fin del escepticismo es la serenidad de espíritu en las cosas que dependen de la opinión de uno y el control del sufrimiento en las que se padecen por necesidad.

En efecto, cuando el escéptico, para adquirir la serenidad de espíritu, comenzó a filosofar sobre lo de enjuiciar<sup>26</sup> las representaciones mentales y lo de captar cuáles son verdaderas y cuáles falsas, se vio envuelto en la oposición de conocimientos de igual validez y, no pudiendo resolverla, suspendió sus juicios y, al suspender sus juicios, le llegó como por azar la serenidad de espíritu en las cosas que dependen de la opinión. Pues quien opina que algo es<sup>27</sup> por naturaleza bueno o malo se turba por todo, y cuando le falta lo que parece que es bueno cree estar atormentado por cosas malas por naturaleza y corre tras lo —según él piensa— bueno y, habiéndolo conseguido, cae en más preocupaciones al estar excitado fuera de toda razón y sin medida y, temiendo el cambio, hace cualquier cosa para no perder lo que a él le parece bueno. Por el contrario, el<sup>28</sup> que no se define sobre lo bueno o malo por naturaleza no evita ni persigue nada con exasperación, por lo cual mantiene la serenidad de espíritu.

Comentario 1ºA:

Este texto pertence á obra *Esbozos pirrónicos* de Sexto Empírico pertencente á época helenística, dentro da Filosofía Antiga. O tema do fragmento consiste en dar a coñecer que para chegar á **imperturbabilidade**, e por tanto, acadar a **felicidade** é necesario non clasificar o **coñecemento** en **verdadeiro** ou **falso**, é dicir, **suspender o xuízo**.

Para comprender os conceptos do fragmento debemos explicar os elementos históricos e culturais que inflúen nel. A Grecia precedente, a de Platón e Aristóteles, esta marcada pola figura da polis como cidade-estado independente. Por tanto a política presenta unha gran importancia na filosofía. Sen embargo, a partires da batalla de Queronea onde Filipo II de Macedonia derrota ás polis encabezadas por Atenas, comeza u proceso de decadencia do sistema político tradicional. Anos despois Alexandre magno rematará a labor de conquista e provocará que as polis perdan toda a anterior autonomía. Isto causa o abandono das preocupacións políticas e o auxe da ética, **da cal este texto é un bo exemplo**. Está ética preocuparase da felicidade individual, **como vemos no fragmento (“conservar la serenidad del espíritu”)**. Esta preocupación esténdese a correntes como o estoicismo u o epicureísmo, o caso do primeiro mediante o desapego e, no caso do segundo, mediante os praceres naturais e necesarios.

Adentrándose na análise filosófica do texto podemos comprobar a acusación que o autor verte sobre o coñecemento como fonte de angustia para o ser humano, o cal supón unha connotación negativa do coñecemento. Isto supón unha ruptura coas anteriores correntes filosóficas, que buscaban o coñecemento verdadeiro, como Platón ou Aristóteles (“¿como si por la solución de esas cuestiones se mantuviera la serenidad de espíritu!”). Unha concepción así supón que a ética predomina sobre a epistemoloxía.

Ademais, por outro lado, O auto engade un novo argumento para sustentar a tese escéptica. Que para unha mesma realidade existen dous puntos de vista contrapostos. Ditos puntos de vista non poden ser criticados por teren a mesma validez e, en consecuencia, non podemos saber cal é correcto. Polo tanto, non é defendible pecharse na idea dunha verdade absoluta (“esperamos llegar a no dogmatizar”).

A continuación o autor explica que existen coñecementos que é necesario ter por verdadeiros ou falsos. Con isto o autor rompe co escepticismo radical (Pirrón), xa que este non aceptaba ningún tipo de coñecemento. Pola contra, Sexto Empírico considera dous tipos de coñecementos, os que se imponen e os que dependen da opinión. Para estes últimos podemos adoptar a actitude escéptica e para os primeiros unha actitude que asuma verdades e falsidades.

Na parte final do fragmento, o filósofo introduce un novo concepto: o de suspensión do xuízo, que **constitúe o eixo central da corrente escéptica**. Consiste esta idea en anular o coñecemento que

provén da opinión e non posicionarse neste tipo de cuestións. Unha vez suspendido o xuízo desaparece o desexo de perseguir bens ou evitar males e a isto sucede a imperturbabilidade. En definitiva, as ideas aquí expresadas constituirían os piares fundamentais do escepticismo, que garda principios comúns coas demais correntes do período helenístico, como a evitación do apego estoica o rexeitamento dos praceres non naturais nin necesarios do epicureísmo.

Comentario 1ºB:

Este texto está escrito por Sexto Empírico e pertence a obra *Esbozos Pirrónicos*, situada na época helenística, dentro da Idade Antiga e segue a corrente escéptica. O tema do fragmento é a busca da **imperturbabilidade** que se atopa ao non **emitir xuízos**.

Para comprender o significado do fragmento debemos remitirnos ao contexto histórico no que se encadra. Anteriormente ao século IV a.C. Grecia estaba formada por cidades estado independentes e autónomas, as polis, como Atenas o Esparta. Nelas predomina a democracia e as preocupacións colectivas, como a política e a forma de gobernarse. Sen embargo, coa chegada ao poder de Filipo II de Macedonia comeza o declive das polis gregas, especialmente a partir da Batalla de Queronea. Tras a morte deste, o seu fillo Alexandre magno herda o trono e continúa a conquista ata formar un imperio de grandes dimensións (Imperio Alexandrino). En consecuencia, destrúense os círculos sociais, pérdese a autonomía das polis e o ser humano individual pasa a ser o relevante.

En consecuencia, como se aprecia no concepto de serenidade do espírito do texto, a preocupación agora será ética e en concreto pola búsqueda da felicidade do individuo. Fronte ao pensamento dos filósofos anteriores, que buscan diferenciar a verdade da falsidade (como Platón ou Aristóteles), este autor considera que non hai verdade nin falsidade absolutas xa que a cada idea se lle opón outra contraria de igual validez. En consecuencia, non é posible posicionarse ao respecto. E aínda que fose posible non se acadaría deste xeito a imperturbabilidade buscada (¡como si...!). Así o escéptico non acepta ningunha opinión como a correcta.

A continuación, no segundo parágrafo, Sexto Empírico distingue dous conceptos.. a opinión e a necesidade xa que pertence a rama moderada do escepticismo. Fronte á radical, que non admite ningún tipo de verdade nin falsidade (é dicir, ningún tipo de xuízo), asume emitir xuízos cando se trata elementos fundamentais da vida práctica. Reserva o escepticismo para o que dependa da opinión.

No terceiro parágrafo, o autor, sintetiza a súa fórmula para a felicidade.. o escéptico, ante as razóns contrapostas **suspende o xuízo**, é dicir, evita pronunciarse acerca do coñecemento, e en

consecuencia acaba a serenidade do espírito. O autor manifesta unha preocupación ante a incapacidade de conseguir o ben, e sobre o feito de poder perder o conseguido (“temiendo el cambio...”).

En conclusión ese texto comparte coas demais correntes helenísticas a búsqueda da felicidade buscando a imperturbabilidade, neste caso concreto dunha reflexión acerca do coñecemento.